

INFORMACIÓN IMPORTANTE!!



Vimos de recibir esta mensaxe do SERGAS:

*Infórmase que está previsto que o **próximo luns, 4 de maio**, se publique no Diario Oficial de Galicia a **resolución de ampliación do número de prazas do concurso-oposición das categorías de médico/a de familia e enfermeiro/a***

convocado por Resolución do 10 de decembro de 2014 (Diario Oficial de Galicia nº 242, do 18 de decembro) acumulando as aprobadas no Decreto de oferta de emprego público de 2015.

*Coa publicación desta Resolución **reabrirase o prazo dun mes para a presentación de solicitudes de participación (desde o 5 de maio ata o 4 de xuño, ambos incluídos)***

Aquelas persoas aspirantes que tivesen presentado a súa solicitude de participación neste proceso no período inicial comprendido entre o 19 de decembro de 2014 e o 30 de xaneiro de 2015, non terán que presentar nova instancia de participación nin achegar ningunha documentación. Os méritos a ter en conta na fase de concurso valoraranse con referencia ao día inmediatamente anterior ao da publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia, é dicir, 17 de decembro de 2014.